

Este venres día 7 inaugúrase na Casa das Campás de Pontevedra unha exposición co material que lle serve de base ao libro, publicado por Chan da Pólvora



‘nenas medrando’, o territorio recuperado de Silvia García

A autora presentará ese día, a partir das 19 horas e no mesmo espazo, o volume, onde se reúnen imaxes e poemas



Nenas medrando, o libro de Silvia García que Chan da Pólvora publicou na súa colección *Areal de Melide*, chega este venres 7 de maio a Pontevedra por partida dobre: ese día, ás 19 horas, presentará na Casa das Campás [Vicerreitoría do Campus de Pontevedra] o volume e, ao mesmo tempo, inaugura alí a exposición onde se exhibe o material utilizado de base ao libro. *nenas medrando* xurde dunha colección de fotos de nenas de distintas épocas que a autora foi recollendo durante narios anos. O resultado é un volume escintilante e delicioso.

nenas medrando, de Silvia García, é o novo título de *Areal de Melide*, a colección específica de Chan da Pólvora Editora para traballos híbridos ou de fusión. O libro, que se presenta este venres, día sete de maio, ás sete da tarde, na Vicerreitoría do Campus de Pontevedra, coñecida popularmente comoa Casa das Campás.

No ano 2009, Silvia García iniciou na Biblioteca do CGAC o proxecto *Os silencios de Alicia*. Unha década despois retoma algúns dos elementos deste proxecto e redimensiónaos cunha serie de poemas onde a súa voz se funde coa memoria allea para construír un libro arredor da conciencia do corpo, das sensacións, dos procesos de maduración e, mesmo, dos recordos que aparecen cando asistimos como nais ao crecemento dunha nena. Silvia García comezou a coleccionar fotografías anónimas adquiridas en mercadiños e a través de internet

Sobre esa base, intentou buscar un fío que lle permitise albiscar a pose e a maneira na que as mulleres e as nenas aparecen nas fotografías: como miraban a cámara e como traslucían se estaban cómodas ou non. Aí comezou a súa curiosidade polo silencio, polo que cada nena cala, a súa incomodidade pero tamén o seu acomodo a unha realidade que lle ven dada.

Silvia García González (Cangas do Morrazo, 1973) é doutora en Belas Artes pola Universidade de Vigo. Durante 7 anos traballou no Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC) no departamento de actividades. Actualmente é profesora na Facultade de Belas Artes de Pontevedra. Co proxecto *Rastro Material* organizou en 2019 e 2020 intervencións no Pazo de Tor da Rede Museística da Deputación de Lug e no Claustro Alto de Fonseca da USC. Ademais de distintas exposicións que realizou, entre outros espazos, no MARCO de Vigo ou no MAC da Coruña, Silvia García levou a cabo intervencións como *A casa de alá abaixo* nunha casa deshabitada en Cangas do Morrazo; *A cidade dende dentro* na biblioteca da facultade de filosofía da USC e *A cidade dende fóra* na antiga escola Torrecino na parroquia de Cela en Bueu. Como poeta, deuse a coñecer en 1998 co concurso de poesía da Universidade de Vigo.

A crítica

O crítico Armando Requeixo publicou en *Nordésia* –o suplemento dos xornais do Grupo La Capital, *El Ideal Gallego*, *Diario de Ferrol*, *Diario de Arousa* e *Diario de Bergantiños*– unha crítica na que salienta a “suxestiva proposta” de Silvia García, “extensión do valioso traballo que esta canguesa leva anos desenvolvendo no eido das artes plásticas, tanto no seu quefacer no CGAC como, actualmente, sendo docente da Facultade de Belas Artes de Pontevedra, mais tamén nas landas da poesía, nas que se dera a coñecer hai tempo como autora distinguida nos certames literarios organizados pola Universidade de Vigo”.

Neste sentido, Armando Requeixo caracteriza o volume pola presenza do corpo “como territorio radical, a complexidade dos procesos de maduración e as lembranzas das primeiras andainas vitais conforman os vértices nos que asenta a poética indagadora desta obra de Silvia García, que nos desafia a un outro ollar, a descubrir o envés da realidade nas epifanías fotográficas destas *nenas medrando*.”

O proxecto

Hai moito tempo comecei cunha teima; nas fotos que Lewis Carroll tomou de Alice Lidell, ela sae case sempre con cara de *enfurruñada* ou enfadada.

Con esa curiosidade comecei un proxecto que chamei *Os silencios que comeu Alicia* cunha intervención na biblioteca e na cafetería do CGAC.

Quería pensar sobre o silencio e sobre o que cala unha nena, podemos intuír un xeito de rebelarse contra unha situación incómoda, contra o mundo.

Comecei a coleccionar fotografías anónimas adquiridas en mercadiños e a través de internet. Intentei buscar como evolucionara a pose, a maneira na que as mulleres e as nenas aparecen nas fotografías, como miraban cara á cámara translucindo se estaban cómodas ou non.

Co tempo o arquivo foise ampliando, e nel pódese constatar a rixidez da pose de estudio coa informalidade doméstica.

Estas fotografías gardadas, á espera dunha análise académica que non dá chegado, compoñen aquí un fío visual e conforman un todo co texto. O conxunto intenta

falar da incomodidade de medrar, un tempo prolongado no que cada quen sente que abañea, unha incomodidade da que se pode falar e crea eco.

Silvia García